



---

## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no pleno do 29 de abril de 2009.

### **EXPOSICION DE MOTIVOS:**

Os Bolechas son unhas personaxes que todos os cativos do noso país teñen a ben coñecer. A familia Bolechas formada por seis irmáns e o seu can Chispa son os protagonistas das aventuras que tanto lle gustan aos nosos fillos.

Sen dúbida nunca antes unha colección de contos tivera tanto éxito. Contribuindo deste xeito a normalización da nosa lingua que está a perder falantes.

Dentro das distintas coleccións que publica a editorial “A Nosa Terra” adicadas a estas personaxes hai unha titulada “Os Bolechas van de viaxe”. Deste xeito é como lle acontecen distintas aventuras, nos distintos concellos que van percorrendo por toda Galiza. Xa teñen visitado máis de vinte concellos e nunca se fixan de que cor política son, así xa estiveron en Ortigueira, Ribadavia, Redondela, Cangas, etc.

Según a última conversa que tiveron co irmán máis vello da familia Carlos Bolechas estarían encantados en vir visitar o noso concello para coñecer As Salinas, o Entroido de Cobres ou distintos roteiros de Bértola e Figueirido.

Por todo isto **SOLICITA:**

**Primeiro.** Que o Concello de Vilaboa lle cumpra o desexo a estes nenos e os convide a visitar Vilaboa para que poidan coñecer a moitos amigos que teñen aquí.

**Segundo.** Que o Concello se poña en contacto coa editorial A Nosa Terra para poder facer realidade que Pepe Carreiro presente unha nova aventura d’Os Bolechas en Vilaboa. Dando a coñecer deste xeito o noso patrimonio cultural e natural a todos os nenos e aos seus pais que tamén len estas historias.

Vilaboa, 13 de abril de 2009.  
Tomás Boullosa Moure.

AO SR ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA.